

UD 7 (I). A GLOBALIZACIÓN



QUE É A GLOBALIZACIÓN?




A globalización é o proceso polo cal as relacións entre as diferentes partes do mundo (globo) se fan cada vez máis estreitas e os países son cada vez máis interdependentes, é dicir, dependen un de outro.



**QUE É A
GLOBALIZAÇÃO?**

**OS ASPECTOS
POSITIVOS**

VOLUMEN DEL COMERCIO MUNDIAL DE MERCANCÍAS, POR GRANDES GRUPOS DE PRODUCTOS, 1950-2007



A globalización ten moitos aspectos positivos



GLOBALIZACIÓN DA TECNOLOXÍA:
Os avances tecnolóxicos difundíronse
por todo o mundo, aínda que de xeito
desigual.




GLOBALIZACIÓN DAS COMUNICACIÓNS E O COÑECEMENTO:

Hoxe é posible a comunicación inmediata entre lugares moi distantes, o que fixo posible o intercambio de ideas, opinións e coñecementos.



GLOBALIZACIÓN DA DEMOCRACIA:

O sistema de democracia parlamentaria difundíuse máis que nunca, pero aínda quedan sistemas ditatoriais e as democracias parlamentarias teñen defectos que as fan menos participativas do que poderían.




GLOBALIZACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS:

Estendeuse por todo o mundo a idea de que hai que preservar uns dereitos humanos básicos que sexan universais (que afecten a todos por igual sen discriminación por razón de sexo, ideas, relixión, procedencia, cor da pel, etc. Aínda que na práctica hai moitos sitios onde non se respectan.



Derechos Humanos para Todos



**GLOBALIZACIÓN ECONÓMICA. LIBRE
MOVIMIENTO DAS INDUSTRIAS E EMPRESAS:
O país receptor da industria sae beneficiado ao
crearse novos postos de traballo.**



LA DESLOCALIZACIÓN INDUSTRIAL

PRIMER MUNDO

TERCER MUNDO

DESLOCALIZACIÓN



GLOBALIZACIÓN ECONÓMICA. LIBRE MOVIMIENTO DE PRODUCTOS:

Os consumidores do país receptor poden acceder a un maior número de produtos e a un menor prezo.



GLOBALIZACIÓN ECONÓMICA. LIBRE MOVIMIENTO DE DIÑEIRO (CAPITAIS):


O país receptor de investimentos sae beneficiado durante o tempo que ese diñeiro siga nese país.



<http://elordenmundial.wordpress.com>

¿Dónde se produce? Las zonas industriales cambian de lugar

Geografía económica: *La deslocalización de las empresas*





OS ASPECTOS NEGATIVOS DA GLOBALIZACIÓN

A CRISE



PROBLEMA:

**Hai aspectos que non se
globalizaron**


**GLOBALIZACIÓN
INCOMPLETA**

NON SE GLOBALIZARON OS DEREITOS LABORAIS



Hai países nos que non se respectan os dereitos laborais.

Os seus traballadores e traballadoras reciben salarios moi baixos (de subsistencia).



NON SE GLOBALIZARON OS DEREITOS LABORAIS



Xornadas longas sen recoñecer horas extraordinarias e sen vacacións pagadas (explotación laboral).

Non hai seguridade laboral (accidentes frecuentes).



NON SE GLOBALIZARON OS DEREITOS LABORAIS



Os nenos e as nenas tamén traballan e non poden estudar (traballo infantil).



NON SE GLOBALIZARON OS DEREITOS LABORAIS



As mulleres traballan aínda en peores condicións (discriminación laboral) e poden verse obrigadas a caer nas redes da prostitución para sobrevivir.



NON SE GLOBALIZARON OS DEREITOS LABORAIS



As empresas aproveitanse desta situación e trasládanse a eses países porque obteñen maiores beneficios que nos países onde se respectan eses dereitos.



NON SE GLOBALIZARON OS DEREITOS LABORAIS



Esta situación prexudica ao país onde se respectan os dereitos laborais xa que perde postos de traballo, e prexudica tamén aos traballadores e traballadoras do país ao que chegan as empresas porque non poden mellorar a súa situación laboral se non queren que a empresa se traslade a outro sitio.



NON SE GLOBALIZOU O DEREITO AO LIBRE MOVEMENTO DE PERSONAS



Non hai libre movemento de personas. Unha empresa (multinacional) doutro país pode instalarse no que decida para gañar diñeiro e logo levarse ese diñeiro ao seu país, pero os habitantes do país de produción non poden ir a ese país que recibe os beneficios.



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL



Os servizos sociais (educación, sanidade, pensións, etc.) necesitan diñeiro do Estado para poder ser universais. Hai países que con impostos conseguen ingresos necesarios para mantelos, pero hai outros nos que os impostos son baixos e non ingresan o suficiente para ter servizos sociais universais. O problema é que as empresas se trasladan a estes países para pagar menos impostos.



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL



Isto prexudica a quen vive no país desenvolvido (impostos altos), xa que terán menos diñeiro para manter os servizos sociais. Tamén prexudica a quen vive no país en vías de desenvolvemento (cos impostos baixos), xa que non poderán ter uns servizos sociais universais porque se quixeran subir os impostos para obtelos, a empresa trasladaríase a outro sitio.



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL



Hai países aos que se pode levar o diñeiro para non pagar impostos. Chámanse paraísos fiscais. Isto prexudica aos que viven no país desenvolvido porque os Estados teñen menos ingresos para manter os servizos sociais.



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL



NON SE GLOBALIZOU A POLÍTICA FISCAL






Ao non existir unha globalización completa, os aspectos económicos da globalización que son positivos en teoría, convértense en negativos na práctica.



Estar en crise significa que hai menos riqueza?




En menos de 10 anos **duplicouse** a riqueza mundial
(datos do Banco Mundial)

Cal é o resultado de todo o anterior respecto á redistribución da riqueza?




Gráfico: La fortuna de las 62 personas más ricas del mundo sigue aumentando, mientras que la que se encuentra en manos de la mitad más pobre de la población mundial se ha estancado⁴



Cal é o resultado de todo o anterior respecto á redistribución da riqueza?




Gráfico: Crecimiento acumulado de los ingresos mundiales que han ido a parar a cada decil entre 1988 y 2011: el 46% del incremento total fue a parar a manos del 10% más rico²



Cal é o resultado de todo o anterior respecto á redistribución da riqueza?



Gráfico: En Estados Unidos, los incrementos salariales de los presidentes de grandes empresas superan con mucho los del salario medio^{9 10}



ACTIVIDADE:

PROPOSTAS DE SOLUCIÓN

Debes elaborar unha proposta de solución á situación descrita con argumentos que inclúan:

- ☐ Aspecto negativo que se corrixe.
- ☐ Efecto positivo que tería na economía.
- ☐ Economista ou asociación que o defende.

Estas son as correntes económicas que propoñen distintas solucións e que servirán para argumentar a túa postura:

- ☐ Altermundismo (políticas de redistribución e decrecemento).
- ☐ Keynesianismo (políticas de investimentos públicos).
- ☐ Neoliberalismo (políticas de libre mercado).

A versión inicial da Unidade Didáctica foi realizada
por Francisco Ayén (profesor de Educación Secundaria) para:

Attac Alacant: <http://attacalacant.blogspot.com.es/>

Profesor de Historia y Geografía: <http://www.profesorfrancisco.es/>

Neoliberalismo y crisis económica: <http://www.neoliberate.com.es/>

<http://attacalacant.blogspot.com.es/p/globalizacion.html>



Usted es libre de copiar y comunicar públicamente esta obra

Con la condición de que cite la fuente y que no use esta obra con fines comerciales

Usted también puede transformar esta obra siempre que mantenga la misma licencia.